




Acentuación

1. Regras xerais
2. Acentuación de ditongos e hiatos
3. Acentuación diacrítica
4. Acentuación na que reparar

1. Regras xerais



- **Agudas:** acentúanse se rematan en **vogal, -n, -s** ou **-ns**. Ex.: avó, peón, curmáns...



Olo! Excepción: non se acentúan cando rematan en

- ditongo homoxéneo (dúas vogais fechadas coa forza na primeira: subiu)
- e en ditongo decrecente (v. aberta + v. fechada: comeu, papeis)

- **Graves:** acentúanse se NON rematan en vogal, -n, -s ou -ns e tamén se na última sílaba hai un ditongo decrecente. Ex.: fráxil, álbum, amábeis.



- **Esdrúxulas:** acentúanse sempre. Ex.: máquina, rápido...



- **Sobresdrúxulas:** sempre, pero **ollo!!** Os adverbios en -mente non se acentúan nunca porque se consideran palabras graves. Ex. rapidamente, facilmente...

1. Regras xerais



- Cando a palabra vai en **maiúsculas** tamén segue as regras de acentuación.
- As **abreviaturas** manteñen o acento da palabra orixinal, p. ex.: páx.
- Os **latinismos** e os **estranxeirismos** acentúanse seguindo as regras xerais. Ex.: accésit, currículo, sándwich.
- As formas verbais con **acento diacrítico** consérvano aínda que leven pronomes enclíticos. Ex.: Ti dálo feito.
- Nas **palabras compostas**:
 - se levan guión,ponse acento nos dous elementos, p. ex. *teórico-práctico*.
 - se non, compórtanse como unha única palabra, p. ex. *pasamáns*.

2. Acentuación de ditongos e hiatos Pero que son?

DITONGO

- Unión de dúas vogais que se pronuncian nunha soa sílaba
- Esa unión debe ser entre unha **vogal fechada** e unha aberta ou entre dúas fechadas: mei-ga, su-biu...
- A vogal fechada non debe levar acento (a forza da pronuncia), se non, trátase dun hiato. Ex.: a-vión, bebeu...

TIPOS

homoxéneo	decrecente	crecente
2 vogais fechadas: azuis, puido	v. aberta+v. fechada ouro, amei	v. fechada+ v. aberta suor, linguaxe

Vogais
fechadas

i

u

Vogais
abertas

a

o

e

2. Acentuación de ditongos e hiatos

Però que son?



HIATO

- Encontro de dúas vogais que pertencen a dúas sílabas porque...
- Son dúas vogais abertas. Ex.: ce-o, vo-ar...
- Hai algunha vogal fechada pero leva acento (a forza tónica) e iso desfai o ditongo e crea un hiato. Ex.: ra-í-ña, ru-í-do...

Vogais
fechadas

i

u

Vogais
abertas


a

o

e

2. Acentuación de ditongos e hiatos

Regras especiais



Acentuación de hiatos

Se hai un encontro de dúas vogais e a forza tónica cae na vogal fechada (i, u), hai que acentuala aínda que non siga as regras xerais. Ex.: aínda> a-ín-da, baúl> ba-úl.

Encontros de I e U

1. Ditongo: se a forza cae na primeira letra, non se acentúa. Ex.:

subiu> su-biu, puuido> pui-do

2. Hiato: se a forza cae na segunda letra, acentúase. Ex.:

muíño> mu-í-ño, miúdo> mi-ú-do

3. Acentuación diacrítica

- Algunhas palabras levan acento gráfico para diferenciarse doutras.
- Ese acento diacrítico non segue as regras xerais e nunca se quita, tampouco ao engadir pronomes (ela dá> ela dános)

<i>á</i> (<i>a</i> + <i>a</i> artigo; subst.) e o pl.	<i>a</i> (artigo; pron.; prep.) e o pl.
<i>bóla</i> ('esfera')	<i>bola</i> (peza de pan)
<i>cá</i> (<i>ca</i> + <i>a</i>)	<i>ca</i> (conx. comparativa)
<i>cás</i> (<i>ca</i> + <i>as</i>)	<i>cas</i> (prep.)
<i>chá</i> ('plana')	<i>cha</i> (<i>che</i> + <i>a</i>)
<i>chás</i> ('planas')	<i>chas</i> (<i>che</i> + <i>as</i>)
<i>có</i> (<i>ca</i> + <i>o</i>)	<i>co</i> (<i>con</i> + <i>o</i>)
<i>cómpre</i> ('é mester') e o pl.	<i>compre</i> ('merque') e o pl.
<i>cós</i> (<i>ca</i> + <i>os</i> ; subst.)	<i>cos</i> (<i>con</i> + <i>os</i>)
<i>dá</i> (pres. e imp. de <i>dar</i>)	<i>da</i> (<i>de</i> + <i>a</i>)
<i>dás</i> (pres. de <i>dar</i>)	<i>das</i> (<i>de</i> + <i>as</i>)
<i>dó</i> ('compaixón')	<i>do</i> (<i>de</i> + <i>o</i>)
<i>é</i> (pres. de <i>ser</i>)	<i>e</i> (conx.)

3. Acentuación diacrítica




<i>fóra</i> (adv.)	<i>fora</i> (antepret. de <i>ser</i> e <i>ir</i>)
<i>máis</i> (adv. e pron.)	<i>mais</i> (conx. = pero/ e)
<i>nó</i> (subst.)	<i>no</i> (<i>en</i> + <i>o</i>)
<i>nós</i> (pron. tónico; pl. de <i>nó</i>)	<i>nos</i> (pron. átono; <i>en</i> + <i>os</i>)
<i>ós</i> (<i>a</i> + <i>os</i>) e o seu pl.	<i>os</i> (artigo; pron.) e o seu pl.
<i>óso</i> (do corpo)	<i>oso</i> (animal)
<i>pé</i> (parte do corpo)	<i>pe</i> (letra)
<i>póla</i> ('rama')	<i>pola</i> ('galiña'; <i>por</i> + <i>a</i>)
<i>pór</i> ("poñer")	<i>por</i> (prep.)
<i>présa</i> ("apuro")	<i>presa</i> ("prendida"; "presada")
<i>sé</i> ("sede eclesiástica"; imp. de <i>ser</i>)	<i>se</i> (conx.; pron.)
<i>só</i> (adv. e adx.)	<i>so</i> (prep.)
<i>té</i> ("infusión")	<i>te</i> (pron.; letra)
<i>vén</i> (pres. de <i>vir</i>)	<i>ven</i> (pres. de <i>ver</i> ; imp. de <i>vir</i>)
<i>vés</i> (pres. de <i>vir</i>)	<i>ves</i> (pres. de <i>ver</i>)
<i>vós</i> (pron. tónico)	<i>vos</i> (pron. átono)

4. Acentuación na que reparar



- Algunhas palabras do galego escríbense igual que o castelán pero teñen un acento diferente. Fíxate:

	CON ACENTO	SEN ACENTO
AGUDAS	popurrí	chofer, fluor
GRAVES	réptil, mísil, téxtil	atmosfera, acne, parasito, pelicano, diocese, elite
ESDRÚXULAS	alvéolo, anódino, auréola, endócrino, gladíolo, óboe, olimpíada, período, termóstato, rubéola, amálgama, térmite, petróglifo	

- 
- ✓ Saber as regras darache seguridade ao escribir.
 - ✓ Con esta guía e algúns exercicios de práctica dominarás a acentuación.
 - ✓ E acentuar ben fará o teu texto máis lexible, coidado e correcto.